

# O QUE DE LONXE APRENDÍN TEÑO MANDADO DE DAR!

WHAT I HAVE LEARNED FROM AFAR  
I HAVE BEEN COMMANDED TO GIVE!

Xabier Díaz

**Resumo:** Existe certa unanimidade en considerar que a celebración das Letras Galegas de 2025 foi unhas das máis expansivas. Non só implicaron unha cantidade importantísima de xente vencellada á música tradicional e ao seu movemento asociativo, tamén acadaron un achegamento moi importante á sociedade en xeral. Axudaron a visibilizar todas esas mulleres que en moitas ocasións eran pouco coñecidas ou recoñecidas incluso no seu contornos social e familiar, esas grandísimas mestras que foron tantas cantareiras das que aprenderon moitos activistas da recuperación da música tradicional.

**Abstract:** There is a certain unanimity of opinion in that the celebration of Galician Literature in 2025 was one of the most expansive. Not only were a very important number of people linked to traditional music and its associated movement involved; there was also a very important appeal to society in general. This helped to make visible all those women who were often little known or acknowledged even in their social and family environments, those great women teachers, that large number of traditional Galician female singers from whom many activists seeking to preserve traditional music learned.

**Palabras chave:** Letras Galegas 2025, cantareiras, música tradicional, recollidas.

**Key words:** Galician Literature Day 2025, traditional Galician female singers, traditional music, collected.

Aqueles que nos dedicamos a cantar sentimos a miúdo máis facilidade para expresarnos coa música ca coa palabra. Aínda así, gustaríame compartir algunhas reflexións ao fío desta celebración, que considero especialmente significativa. Recibín con enorme alegría a decisión da Real Academia Galega. Paréceme que foi unha elección particularmente acertada, non só polo seu valor simbólico, senón pola súa capacidade de activar unha ampla resonancia social. Cando as institucións son quen de tocar determinadas teclas sensibles, a sociedade recoñécese nelas e vibra na mesma frecuencia; e esa sintonía —tan pouco frecuente— resulta fundamental para un país.

No meu caso, ademais, esta decisión viña sendo reclamada desde hai anos, mesmo desde os palcos. Dalgún xeito, había unha conxunción de factores que a facía inevitable. Sempre pensei que a nosa sociedade posúe unha sorte de mecanismo de autosalvagarda —un *autosave*, por empregar unha imaxe contemporánea— que lle permite preservar aquilo que verdadeiramente importa, mesmo en contextos adversos. Vai salvando, por dicilo así, todo aquilo que considera esencial, independentemente do ruído ou das circunstancias externas.

O folclore e o mundo da pandeireta xa tiñan ese *autosave* antes das Tanxugueiras, antes de min, antes de Mercedes Peón, antes de todas e todos. Todo ese mundo estaba autoorganizado, como sinalou Richi Casás, en cada unha das parroquias, dunha maneira marabillosa e atomizada. E esa é realmente a imaxe máis verídica e máis viva da forza coa que vivía —e vive— a música e o folclore no noso país.

Agora danse novas circunstancias que modifican esa realidade; fano, ao meu ver, dunha maneira tamén marabillosa. Non son capaz de anticipar en que dirección, como sinalou tamén Richi Casás; e eu, que son músico, asegúrovos que os últimos anos na música son absolutamente desconcertantes. Non sabemos o que vai pasar mañá, nin se nos van substituír por algún tipo de elemento mecánico. Así que imaxinade todo isto da tecnoloxía tamén en relación cos arquivos e coa música tradicional. Cando o souben, tomei varias decisións para a miña celebración persoal, e gustaríame falar diso. O meu arquivo continúa, por dicilo así, na miña casa, nos meus discos duros e nos meus computadores.

Eu comecei a facer traballo de campo a raíz da miña experiencia en Xacarandaina. Aproximadamente no ano 87 ou 88 debín facer as primeiras visitas ás aldeas, fundamentalmente con Quique Peón, que era —e segue a ser— o director da agrupación. Aquelas experiencias modificaron a miña percepción do folclore. Eu pensaba que era unha sorte de códice escrito que había que repetir sen máis: “A muiñeira de Lugo?”, pois “A muiñeira de

Lugo”; “El molete” e outras pezas. Alí decateime de que estaba vivo, contrariamente ao que pensabamos os “case urbanitas” —eu vivía en Eirís, que xa é zona de transición coa metrópole—. Bastaba con afastarse quince ou vinte quilómetros do centro da Coruña para atopar mulleres que tocaban a pandeireta, que cantaban e que verificaban o que nós faciamos na agrupación folclórica dunha maneira máis depurada.

Isto provocou un impacto moi grande. O primeiro foi deixar os estudos de arquitectura técnica —para desgraza familiar, claro—. Despois emprendín un camiño descoñecido, e dalgún xeito este ano tamén serviu para apurar e poñer mans á obra neste libríño, *Cancioneiro galego serodio (1989-2012)*. En realidade é unha sorte de álbum familiar, porque cada vez que o leo lembro os lugares polos que pasei, as recollidas e todas esas mulleres que me axudaron, en primeiro termo, a coñecer o mundo no que vivo: o idioma, a relación cos ciclos do ano, co agoro e a heteroxeneidade do propio folclore.

Cada vez que afondabamos no folclore —nun folclore endémico, por dicilo dalgún xeito; poñede Bergantiños ou a Costa da Morte como exemplo— e partiamos dunha idea prefixada, do noso propio “códice”, en canto viaxabamos a outra zona ese esquema desmontábase. Descubrimos entón un novo folclore, unha nova forma de expresión, outro repertorio de instrumentos, e mesmo unha maneira diferente de nomear as cousas. Todo iso foi marabilloso.

Creo que naquel momento non eramos moi conscientes do que faciamos. Simplemente sentiámonos atravesados por algo descoñecido, por un amor que coñeceramos na agrupación, pero que ía, por suposto, moito máis aló dela. No meu caso, por exemplo, fíxome un converso: eu falaba en castelán, e probablemente esta viaxe me converteu nun neofalante. É dicir, ata iso lle debo ao folclore.

No meu caso, continuamos facendo ese traballo durante vinte anos, ata que, aproximadamente entre 2012 e 2014, comecei a traballar con Berrogüetto e con outras agrupacións polas que eu non me consideraba merecente de pasar, pero das que tiven a sorte de aprender. Foi entón cando empecei a parar un pouco máis. Neses anos fixemos tamén algunhas gravacións tardías en Bergantiños.

É certo que todos aqueles traballos de campo —ou, polo menos, os que fixemos os meus coetáneos, os que comezamos a finais dos anos oitenta— realizáronse con medios moi precarios. Non tiñamos practicamente recursos: unha gravadora de casete, na que, se se gastaban as baterías, a gravación quedaba estragada, ou, con sorte, unha cámara de vídeo. Fixemos todo aquilo sen a sensación de que alguén tivese a responsabilidade de facelo,

nin sequera nós mesmos; simplemente como amadores. E, con todo, cada vez amabamos máis, descubrimos máis e seguimos amando máis.

Era unha situación complexa porque o contorno familiar e mesmo o contorno social non entendía moi ben cal era o cometido nin o que faciamos. Pero continuamos e, ao longo de todo este tempo, ao final foron aparecendo sinais, faros que nos foron alumando dalgunha maneira o camiño e que nos foron dicindo que non era un camiño en van, que si que tiña sentido, que acabou por ter moitísimo sentido.

E pasaron todos estes anos e chegamos ata aquí. Hai unha cuestión sobre a que si me gustaría facer unha puntualización: eu sigo tendo o meu arquivo na miña casa. E isto lévame a facer unha pregunta importante. Obviamente, o APOI merece unhas Letras Galegas e merece todo o apoio —é, unha vez máis, o pobo salvando o pobo—. Mais debo compartir unha preocupación: que o feito de que existan cada vez máis recursos humanos dedicados á salvagarda deste patrimonio non acabe por funcionar como un inhibidor da responsabilidade. Cómpre preguntarse se ese é o lugar onde debe estar, se é isto o que nos debemos coma galegas e galegos. Non estaremos, unha vez máis, recorrendo ao *autosave*? Sería interesante abrir ese debate, coido que é verdadeiramente importante. Polo menos, eu reflexiono moito sobre isto; e recentemente compartín esta preocupación con Guillermo Fernández e tamén con Xulia Feixoo.

Xulia, coido eu, é o faro que vai alumear as próximas décadas neste ámbito. Cando nós empezamos a recoller, non había practicamente ningún que entendese todo isto. Agora, polo menos, hai quen o entende; porque nós, en realidade, non o entendiamos. Estes non foron traballos científicos: eramos amadores, non tiñamos formación nin conciencia plena do que faciamos. O único que faciamos era recoller estas cancións e facer arranxos e melodías, ás veces con máis acerto, outras con menos. E, con todo, cando se daba unha certa conxunción —de grupo, de gusto, de fortuna—, sentiamos esa vibración da sociedade, como se de súpeto aquilo fose recoñecido como propio: “Isto é noso, isto fáinos sentir”. Sempre tivemos esa sensación.

Faltaba a dimensión científica, que estivo durante moito tempo descoñecida. De feito, tivo que vir Dorothé Schubart para pór certa orde onde non a había, e facelo, ademais, na trincheira. Por iso cómpre reflexionar e preguntármonos se queremos seguir facendo así ou se, pola contra, asumimos —ou queremos invocar— unha responsabilidade maior. É un debate que non podemos eludir.

Este *Cancioneiro serodio* para o que tiven que apurar os prazos é unha parte daquel libro de bitácora con imaxes das catro provincias, fundamentalmente de mulleres, porque foron sobre todo mulleres as que atopamos no camiño; e incorpora tamén un disco.

Decidín, ao tempo, publicar unha copla diaria en Twitter, porque a copla ten esa perfección de caber nese formato: cando a plataforma tiña aquela limitación de caracteres, encaixaba perfectamente. Como dicía Ramón Cabanillas, nunha copla de oito sílabas cabe todo: o amor, a xenreira, a retranca... Cabe todo, e é tamén o medio no que viaxamos as xentes do folclore.

365 tweets ao longo de todo o ano; o traballo non é pouco. Ademais, todos os venres decidín subir un corte, un vídeo pensado para neófitos. Creo que estas Letras Galegas foron tamén, en boa medida, un faro para quen se achegaba por primeira vez, unha chamada de atención: “Achegádevos, botádelle unha ollada a isto; aquí hai algo que nos constrúe e que é importante”. Foron, ademais, tremendamente atomizadas: participei en actos moi diversos, moitos deles en localidades pequenas. E iso tivo algo especialmente valioso, porque vin como aldeas recuperaban e reivindicaban artistas locais que tiñan practicamente esquecidas. Mesmo vin familiares emocionados ao descubrir o valor da persoa que tiñan a carón e que ata esa altura non puxeran en valor do mesmo xeito.

E todo isto derivou do feito de que a institución foi quen de vibrar coa sociedade. Tamén me trouxo algo persoalmente moi valioso: sobre todo a partir dos vídeos que iamos compartindo os venres, púxose en contacto moitísima xente, familiares das persoas que aparecían neles, moitas xa falecidas, e puidemos facilitarlles esas gravacións como recordo dos seus familiares, artistas doutro tempo.

Para rematar, creo que deberíamos reflexionar non sobre o traballo do APOI —que me parece absolutamente necesario e que celebro—, senón sobre esa responsabilidade que debemos asumir. E, por outra banda, cómpre afirmar que este patrimonio, ademais de servir para cantar e para facer unha foliada, constrúenos. Aquí está todo. Sabíao Antón, sabíao Dorothé, sabíano tamén as compiladoras e compiladores. Non é só música: é o que somos, a nosa maneira de ser. Está aquí. Cando cae unha pedra da catedral de Santiago —ou cando a pintan—, reaximos de inmediato. Pero todo isto estaba a perderse, e isto tamén nos constrúe. Son catedrais, todas son catedrais, e paréceme fundamental preservalas.